

CARACTERÍSTICAS DA NARRATIVA DE VICENTE RISCO

- **TEMAS**
 - **Etnografía:** relatos de base folclórica con intención didáctica (Ex: *O lobo da xente*)
 - **Esoterismo e culturas alleas** (Ex: *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*)
 - **Defensa do tradicional.** Denuncia o capitalismo como sistema económico.
- **ESTILO**
 - Estilo máis preciso, claro e sintético ca Otero.
 - Longas **enumeracións** a base de desenvolver un campo semántico.
 - **Descricións** detalladas.
 - **Culturalismo** e digresións autorais (detén o relato para expoñer as súas ideas)
- **HUMOR**
 - Ton burlesco, irónico e case esperpéntico.
 - **Caricaturización e animalización** de situacións e personaxes.
 - Parodia de **linguaxes profesionais**.
- **“O PORCO DE PÉ”**
 - **Primeira** novela galega moderna.
 - **Protagonistas:**
 - **Don Celidonio:** representa o materialismo e a vulgaridade da nova burguesía.
 - **O doutor Alveiros:** representa a intelectualidade e o espiritualismo xenuíno do país. Sucumbe ante os encantos da vida burguesa.